



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA (ITG), PARA A ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA LEVAR A CABO A DEFINIÇÃO E O DESEÑO DO PROXECTO DO ECOBARRIO DE ELVIÑA EN A CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Fundación do Instituto Tecnológico de Galicia - ITG, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o o día seguinte a súa sinatura ata o 15 de setembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e ITG, para a realización dos traballos de elaboración da documentación técnica necesaria para levar a cabo as licitacións do proxecto do Ecobarrio de Elviña no Concello de A Coruña, no que se pretende a realización dun proxecto integral relacionado ca eficiencia enerxética, un maior uso e aproveitamento de fontes de enerxías renovables, a redución do consumo de auga nos edificios e a descarbonización a nivel de barrio, que supoña unha drástica redución das emisións de gases de efecto invernadoiro xeradas pola actividade propia do barrio así como a creación e mellora de espazos para a circulación e convivencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de agosto de 2019

